

OS DISCURSOS DE ODIO AMEAZAN SERIAMENTE A NOSA SAÚDE



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024




Estimadas persoas socias, voluntarias e mais entidades colaboradoras: un ano máis teño o pracer de presentarvos a memoria de actividades de medicusmundi Norte correspondente a 2024, que reflicte o noso compromiso coa saúde global e a nosa loita constante por un mundo máis xusto, onde o

dereito a saúde sexa unha realidade para todas as persoas. Nun contexto global marcado por crises sanitarias, redobramos os nosos esforzos a fin de garantir o acceso a servizos de saúde de calidade en comunidades vulnerables, por medio da capacitación de profesionais, o reforzo de infraestruturas e a educación en saúde, eixes fundamentais da nosa acción. Como novidade, reforzamos a nosa presenza en Galiza coa contratación dunha nova persoa para o equipo. Así, convidamos a esta comunidade irmá a ser parte do cambio, xunto con Cantabria e Asturias, cara a un planeta máis sostible. Convidovos a percorrer as páxinas desta memoria, a coñecer en detalle o noso impacto e a seguir acompañándonos neste camiño. Porque xuntos, con esforzo e convencemento, podemos seguir construíndo un mundo máis saudable e xusto para todas as persoas.

LUIS CASADO

Presidente de medicusmundi Norte

Organigrama



Gracias

Agradecemos a todas aquelas persoas socias, voluntarias, colaboradoras, doantes, organizacións, institucións públicas e privadas e centros educativos, o voso tempo e colaboración desinteresada con medicusmundi Norte para que a saúde sexa un dereito ao alcance de todas as persoas. Sen o voso apoio, o noso traballo non sería posible: Colexios oficiais de médicos de Cantabria e Asturias; General Óptica; Fundación Alimerka; Farmamundi; Goberno de Cantabria; Axencia Asturiana de Cooperación; concellos de Santander, Xixón, Avilés, Llanera e Oviedo; coordinadoras de ONGD de Asturias, Galiza e Cantabria, e a plataforma migranodearena.org.

En Cantabria: Hospitais da comunidade, Federación de Niños del Mundo, Imprenta Quinzaños, Club La Pirula, Servizo Cántabro de Saúde, Oficina de Acción Solidaria da Universidade, centro de día La Ontanía, Colexio Sagrados Corazóns, Residencia Colisee de Puente Viesgo, Centro de Día de Astillero e Asilo San José (Torrelavega).

En Asturias: HUCA, SESPA, Universidade de Oviedo, Facultade Padre Ossó, Fundación Pájaro Azul, XEGA, Centro Médico, Jaime Baladrón, Imprenta Gofer, Arquia Caixa de Arquitectos, Clowntigo.

No sur global: Escravas do Sagrado Corazón de Xesús, Irmás Franciscanas Misioneras de María Auxiliadora (Malí), Unidad de Desarrollo de la Mujer y la Familia-UDIMUF e Centro de la Mujer (Honduras).

- 01 Saúdo do presidente
- 02 Agradecementos
- 03 Cooperación
Mali
Honduras
- 06 Educación para a Transformación Social
Universidade
Actividades
Concursos y contacontos
- 08 Incidencia política
- 11 O noso traballo en rede
Doazóns
- 12 As contas claras
- 13 Financiadores



[@medicusmundimnorte/](https://www.instagram.com/@medicusmundimnorte/)



[@mmnorte/](https://www.facebook.com/@mmnorte/)



[@mmundimnorte/](https://twitter.com/@mmundimnorte/)



[@medicusmundimnorte42/](https://www.youtube.com/@medicusmundimnorte42/)

Proxectos de cooperación



Mellora das condicións de vida da poboación maliana (fase 7)

As mulleres reciben formación para impulsar actividades xeradoras de ingresos, e a poboación xeral capacítase en materia de saúde. As formacións desenvólvense en tres centros:

Centro de Saúde Santa Clara: Formación en saúde sexual e reprodutiva, sensibilización contra a Mutilación Xenital Feminina (MXF), evolución da gravidez para diminuír o risco de aborto, hixiene básica, e prevención de diabetes, hipotensión e hipertensión.

Centro Sociocultural Madre María Bernarda: Alfabetización a mulleres en bambara, francés e contabilidade, costura e bordado.

Centro Multifuncional Ana Coulibaly: Formación Profesional que inclúe materias como vida asociativa, cooperativas, emprendemento, xénero, equidade, liderado; francés e contabilidade; perruquería, maquillaxe e tatuaxe tradicional, corte e confección, cociña, restauración e informática.

Implementación de medidas tendentes á calidade nutricional dos alimentos dispoñibles no mercado de Koulikoro (fase 4)

O difícil acceso a unha nutrición axeitada en Malí repercute negativamente na esperanza de vida, que se sitúa en 59 anos. Nunha sociedade maioritariamente agrícola, as mulleres apenas posúen ou dirixen explotacións deste tipo, o que mingua a súa capacidade de independizarse economicamente. Este proxecto, en consorcio coa Fundación Pájaro Azul, apoia unha cooperativa de mulleres agricultoras de Mafeya para mellorar a calidade e a cantidade da súa produción.

As mulleres reciben formación en técnicas agrícolas, xestión da cooperativa, mellora das súas infraestruturas e equipamento, e asesoramento en materia de nutrición. Introduciuse o cultivo da especie moringa oleífera, cuxas follas conteñen un alto valor de nutrientes.

Acceso á saúde sexual e reprodutiva das mulleres da área de Koulikoro

Este proxecto supuxo unha mellora importante das condicións sociosanitarias das mulleres grávidas da área de Koulikoro e dos seus bebés.

Realizouse o seguimento da xestación a 150 mulleres grávidas e cadanseus bebés; as mulleres recibiron formación xunto con 75 dos seus respectivos maridos en materia de saúde sexual e reprodutiva e infeccións de transmisión sexual (ITS). Os seus bebés pasaron a formar parte do estudo sobre nutrición que dende o Centro Médico Santa Clara se está a levar a cabo coa Universidade, polo cal se lles fai un seguimento nutricional até os 6 anos de idade xunto con outros 300 menores da área de Koulikoro. Ademais, realizóuselle durante o parto a reparación fisiolóxica da lesión a dúas mulleres que presentaban problemas de saúde graves derivados deste.

Atención sanitaria a mulleres grávidas da área de Koulikoro (fases 6 e 7)

Duascentas mulleres grávidas de entre 16 e 40 anos de Koulikoro, Gouni, Mafeya e Kayo, así como menores de 5 anos e os bebés que naceron ao longo deste período, recibiron atención sanitaria e nutricional.

Provisión de medicamentos e tests nutricionais a menores de cinco anos.

Análises de cancro de colo do útero e durante a gravidez.

Planificación familiar; implicación dos pais na gravidez e a paternidade activa.

Formación en nutrición, hixiene, coidados durante a gravidez e o parto e infeccións de transmisión sexual (ITS).

Prevención e atención ás consecuencias da mutilación xenital feminina (MXF) e reconstrución fisiolóxica.





En colaboración con **medicumsmundi** Bizkaia

Xuntas! Colectivizando loitas para a prevención da violencia contra mulleres e nenas no municipio de La Ceiba (fase 4)

Este proxecto ten o obxectivo de fortalecer o liderado e a participación das mulleres nos espazos de toma de decisións a nivel comunitario para a prevención da violencia machista e as súas consecuencias en redes de barrio de dúas comunidades garífunas.

Contribuíuse á erradicación da violencia impulsando e articulando redes de mulleres organizadas para a promoción e defensa dos seus dereitos, o que desembocou no desenvolvemento dunha escola de formación política sobre feminismo, no acceso á xustiza e dereitos humanos das mulleres e nenas e na elaboración dun plan de intervención comunitaria e material educativo e informativo.

Promoción da saúde comunitaria e adaptación sostible do territorio ante o cambio climático en comunidades indíxenas lencas no departamento de Intibuca

As mulleres lencas participaron de xeito activo no aumento do benestar propio ao apoiaren esta iniciativa por medio da mellora da contorna e a seguridade alimentaria, o acceso de calidade a unha saúde sexual e reprodutiva efectivas, a implicación comunitaria e a redución da vulnerabilidade ante os problemas xerados polo cambio climático. Mellorouse o acceso e calidade dos servizos de saúde sexual e reprodutiva da rede de servizos de saúde integral nos municipios das redes de mulleres indíxenas lencas beneficiarias do proxecto, e fortaleceuse a participación comunitaria en comités de emerxencias locais para a xestión sostible do seu territorio.

Educación para a Transformación Social



Transferencia de coñecementos norte-sur: tendendo pontes, construíndo capacidades. Rehabilitación na nova interface telemática (fase 7). Asturias

Proxecto en consorcio co Grado de Terapia Ocupacional da Facultade Padre Ossó:

VI xornadas Participación comunitaria en saúde. Perspectivas norte e sur para promover que a cidadanía asuma responsabilidades con respecto á súa saúde e benestar, mostrando experiencias en Malí e Asturias (14/03/24 na facultade)

Con motivo dos **Premios Princesa de Asturias**, o alumnado de Terapia Ocupacional (TO) reuniuse con Mariano Jabonero, secretario xeral da OEI, para presentarlle o proxecto Tendiendo puentes... (24/10/24 na Facultade de Formación do Profesorado e Educación).

Campamentos do Sáhara. Sete estudantes e unha profesora de TO viaxaron aos campamentos para impulsar a app ValTO e formar a profesionais locais do Centro de Educación Especial de Auserd (do 5 ao 12/12/24).

Laboratorio de ideas; claves para a promoción da participación polo dereito á saúde. Cantabria

Detectamos públicos potenciais con interese en reivindicar o dereito á saúde cos que habemos de reforzar a comunicación, como a universidade e colexios profesionais de ramas sanitarias. Con este proxecto activamos a escoita a fin de coñecer as propostas destes colectivos, que son xeradores de ideas para futuras campañas conxuntas. Co apoio de **San-art- El arte de hacer salud**, constituímos un grupo motor e un proceso de reflexión que culminará coa produción dun documento que recolla as claves para a promoción da participación polo dereito á saúde. Este traballo é a base dunha campaña de incidencia política e difusión sobre activos de saúde, determinantes sociais da saúde e alcance do ODS 3 en Cantabria.



INVESTIGACIÓN. Apoiamos unha investigación da man da Universidade de Oviedo en relación coas propiedades nutricionais da moringa e o seu impacto na saúde da comunidade. medicusmundi achega a este estudo datos subministrados polo centro de saúde de Koulikoro.



XORNADAS CON FARMAMUNDI. Participamos na xornada organizada por Farmamundi no paraninfo da Laboral orientada ao alumnado da Escola de Traballo Social: «O dereito á saúde dende a Axenda 2030: unha perspectiva global para cambiar o mundo». A intervención de medicusmundi Norte levou como título «Una mirada integradora del derecho a la salud» (20/09/24).



CHARLA EN ENFERMARÍA. Charla do epidemiólogo Daniel López Acuña na Escola de Enfermaría, en Xixón, perante alumnado da materia de Saúde pública no marco do proxecto «Hacia una salud global», que busca difundir no concello coñecemento e compromiso solidario co *ODS 3. Saúde e benestar para todos e todas* (10/10/24).



ENCONTRO COA UNIVERSIDADE

CABOVERDIANA. Encontro na Universidade de Cantabria. Reunímonos na Facultade de Educación coa doutora Clementina Furtado, directora do Centro de Investigación e Formación de Xénero e Familia (CIGEF) da Universidade de Cabo Verde. Entre outros, abordamos desafíos urxentes como o do apoderamento das mulleres, e a Mutilación Xenital Feminina en varios países africanos (28/11/24).



EXPOSICIÓN. "Promoción e defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos mediante a participación activa de mulleres e mozas indíxenas lencas en Intibuca, Honduras". Exhibiuse no IES Las Llamas de Santander do 15/01/24 ao 15/02/24 e no Hospital de Laredo do 17/02/2024 ao 11/03/2024.



CHARLAS EN CENTROS EDUCATIVOS. Liébana Piedra impartiu as seguintes charlas: - *Salud y Mujer* para alumnado de 1.º da ESO (21/03, 24/04, 28/11 e 19/12) no IES Las Llamas de Santander e para estudantes de 1.º de BACH do IES Valle de Camargo: - *Salud y agua* para 4.º da ESO do Colexio Sagrados Corazones de Torrelavega e o centro de día La Ontanía de Suances (15/05): - *Salud global* na Parroquia Los Carmelitas e a estudantes de BACH do IES José Zapatero (Castro Urdiales).



LECTURA DE CONTOS A PERSOAS MAIORES. Actividade de aprendizaxe e servizo na que os nenos e nenas participantes do IV Certame de Contos Solidarios dos colexios San José de El Astillero, Cuevas del Castillo de Vargas e Cervantes de Torrelavega leron os seus contos ás persoas usuarias dos centros de persoas maiores: Centro de día de Astillero, Residencia Colisee de Puente Viesgo e Asilo San José de Torrelavega, respectivamente.



MÁIS CINE, POR FAVOR. Proxectamos dous documentais de **medicusmundi** Mediterrania. *Woman*. Proxección e coloquio na Casa de Encuentro de Mujeres de Avilés no marco das xornadas "Afrilés Fest" (22/05/2024), e no IES Llanera (19/12/2024). *Maldita: A Love Song to Sarajevo*, Goya ao mellor corto documental, en colaboración con XEGA, na Escola de Comercio, Xixón. Conexión en liña con Francesc Álvarez, coguionista (19/07/2024).

Arte e reivindicación: concursos para a solidariedade

Organizamos en Cantabria o **IV Certame Infantil de Contos Solidarios** co tema Historias sobre a saúde en calquera das súas formas: física, social e mental. Participaron 158 nenos e nenas de 3.º a 6.º de Primaria. A entrega de premios levouse a cabo na Feira do Libro de Torrelavega e foi amenizada por Vera López, co contacontos *Leyendas de la mar* (03/05/2024).


Esta mesma actividade levouse a cabo na Biblioteca Central de Cantabria (23/11/2024) con motivo do Día Internacional do Neno, e no Hospital Sierrallana de Torrelavega (21/12/2024) onde se fixo entrega dos premios do **18.º**

Concurso de Debuxo Nadal Solidario no que participaron 1518 debuxos e 20 colexios cántabros sobre o tema da auga. Os debuxos foron expostos nas paredes do hospital durante o Nadal. As ilustracións e relatos que recibimos nestes certames son un material moi valioso que nos axuda a recoller o sentir dos nenos e nenas sobre a súa saúde e os aspectos que a determinan. As súas propostas artísticas sêrvennos para identificar activos de saúde na comunidade educativa e, unha vez finalizados, elaboramos un informe e unha infografía que enviamos aos centros participantes.

A conclusión máis importante destes informes cuxo tema é *Que é para ti a saúde?* foi que a alimentación, a auga e o deporte se reflicten principalmente nos cursos inferiores, e a medida que avanza en idade, incrementáanse os factores implicados, incluíndo a familia, hábitos saudables e saúde mental e social. O que quere dicir que a medida que avanza nos cursos escolares a súa percepción sobre a saúde tórnase máis global.

En Asturias, celebramos o **XXIV Certame de Contos Doctor Luis Estrada**. O primeiro premio foi para Antonio Tocornal, gaditano residente en Mallorca, polo seu relato *Confesión*. O segundo premio do certame foi para Victoria Trigo, de Zaragoza, polo seu relato *Cristales rotos*.

Cada 20 de xuño conmemórase o Día Mundial das persoas refuxiadas para concienciar a sociedade acerca das dificultades que atravesan as persoas que deben deixar o seu fogar atrás como consecuencia de persecucións, guerras ou grandes fameas. O 19 de xuño lembrámoslles aos máis cativos e cativas a importancia de mostrar a nosa solidariedade e apoio ás persoas que, fuxindo do horror e a guerra, buscan asilo e refuxio. Cun monicreque, a asociación Clowntigo e a súa xirafa *Yepeta* contáronnos a súa experiencia no CEIP Carmen Ruiz Tilve, en Oviedo.




Actividade de aprendizaxe e servizo: deseño de imaxe para os concursos 2025

10

29 persoas maiores do Centro de Día La Ontanía (Suances) e 17 alumnos/as de deseño gráfico de 4.º da ESO do Colexio Sagrados Corazones de Torrelavega participaron nesta actividade de aprendizaxe e servizo deseñando o logo que será a imaxe dos próximos concursos de debuxo e de contos.

Enriquecedor encontro interxeracional no que os estudantes se concienciaron sobre a situación das súas persoas maiores e os retos sanitarios aos que se enfrontan. Por outra banda, os usuarios do centro beneficiáronse do contacto coas xeracións mozas ao aprenderen a utilizar os diferentes recursos tecnolóxicos cos que deron forma virtual ao deseño.



Incidencia política



Reunímonos co **director xeral de Xuventude, Cooperación ao Desenvolvemento e Voluntariado do Goberno de Cantabria**, Manuel Joaquín Rueda Castillo. Asistía Luis Casado, presidente de medicusmundi Norte, e persoal do equipo técnico. Presentamos o noso traballo e manifestamos os desafíos pendentes en materia de cooperación e acceso universal á saúde (22/02/2024).

Presentamos na Xunta Xeral do Principado de Asturias, xunto con Médicos del Mundo Asturias, o **Informe La salud en la Cooperación al Desarrollo y la Acción Humanitaria** para achegar unha análise crítica da Axuda Oficial ao Desenvolvemento en materia sanitaria.

Interviñeron Juan Cofiño, presidente desta Xunta, Nieves Castaño (Médicos del Mundo), e Carlos Mediano, responsable de Estudos e Investigación de **medicusmundi** (07/03/2024).



El traballo en rede é fundamental para **medicusmundi**. En rede podemos chegar a máis persoas e ser máis representativos dos intereses da cidadanía. Temos presenza activa nos seguintes espazos:

Federación de Asociacións de Medicus Mundi España (FAMME). Dende 2021 Cruz Cuevas, vogal da xunta directiva de medicusmundi Norte, asume a presidencia da FAMME.

Coordinadoras de ONGD de Galiza, Asturias e Cantabria. Dende 2022 **medicusmundi** Norte ocupa a vogalía de Incidencia política e Cooperación Descentralizada e colabora nas actividades que se desenvolven dende o grupo de Educación para a transformación social en Asturias.

Consellos de cooperación dos Concellos de Xixón, Oviedo e Avilés. Participamos activamente nos devanditos consellos municipais. En Avilés, colaboramos na organización do XXI Foro Solidario de Avilés (do 5 ao 8 de novembro de 2024). A temática centrouse no ODS 17 “Alianzas para lograr obxectivos” da Axenda 2030.

Grupo motor con Farmamundi: “Activando ODS”. Participamos na comunidade propositiva liderada por Farmamundi en Asturias e nas actividades impulsadas no marco desta colaboración que tiveron lugar no HUCA: o Laboratorio de innovación cidadá (do 31 de maio ao 5 de xuño) e a mesa de concertación na que interviñemos diversos axentes de saúde o 4 de decembro.

Recadación de fondos



Doazóns de material sanitario enviado a diferentes países por medio da Federación de Niños del Mundo e Irmás Escravas de Xesús, en Cantabria.

Hospital Sierrallana: 4 lámpadas de quirófano, 14 respiradores básicos, conexións á rede de osíxeno e tubuladuras desbotables, oftalmoscopios e otoscopios e 22 ordenadores que se enviaron a Cáritas de Guatemala, Burkina Faso, Perú e República Democrática do Congo.

Centro Integrado de Formación Profesional N.º 1 (Santander): material escolar formado por mesas, cadeiras e mais encerados que se enviaron a Perú. Empresa informática CIC (Santander): marcos de cadros, expositores, taboleiros de cortiza e unha cámara de fotoscon destino a Camerún. **Doazón dun ecógrafo** Toshiba Xario SSA.660 con dúas sondas, enviado a Cáritas de Guatemala.



Participamos en feiras de Grao e Xixón e na Feira do Voluntariado da Facultade de Dereito de Cantabria

Venta de Lotería en Asturias e Cantabria



O club “La pirula” doa a **medicusmundi** la recadación da Semana Grande de Santander



Campaña «Una ambulancia, miles de vidas», para a adquisición e equipamento dunha ambulancia en Koulikoro, Malí

As contas claras

Exercicio 2024

12



RESULTADO DO EXERCICIO/ SUPERÁVIT: 20.875,20€



Principado de
Asturias

Consejería de
Derechos Sociales
y Bienestar



Convocatoria de Cooperación ao Desenvolvemento

Mellora das condicións de vida da poboación maliana (fase 7)

109.143,37€

Implementación de medidas tendentes á mellora nutricional dos alimentos dispoñibles no mercado de Koulikoro (fase 4)

109.143,37€ Consorcio con



Convocatoria de Apoderamento

Xuntas! Colectivizando loitas para a prevención das violencias contra mulleres e nenas no municipio de La Ceiba (fase 4)

70.000€

Convocatoria de Educación para o Desenvolvemento

Transferencia de coñecementos norte-sur: tendendo pontes, construíndo capacidades. Rehabilitación na nova interface telemática (fase 7)

18.000€ Consorcio con



f ALIMERKA
fundación

Dotación de insumos ao
centro de saúde Santa
Clara de Koulikoro

4.000€

Financiado por



AYUNTAMIENTO DE LLANERA

Globalización e saúde:
cara a unha saúde global

1,851,49€

Proxecto de Educación para a Cidadanía



Convocatoria de Cooperación ao Desenvolvemento

Promoción de la Salud comunitaria y adaptación sostenible del territorio ante el cambio climático en Comunidades Indígenas Lencas en municipios del departamento de Intibuca, Honduras, C.A.

101.895,65€

Convocatoria de Apoderamento

Acceso á saúde sexual e reprodutiva das mulleres da área de Koulikoro, Malí

23.373,55€

Convocatoria de innovación, consolidación e estabilidade de ONGD

Laboratorio de ideas; claves para a promoción da participación polo dereito á saúde

16.000€



Maratón de contos

1.200€

Atención sanitaria a mulleres grávidas da área de Koulikoro (fases 6 e 7)

Gijón

65.000€



20.100€



18.000€




@mmnorte



@mmundinorte



@medicusmundinorte



GALICIA

Praza Galicia, núm. 7
Foz 27780, Lugo

✉ galicia@medicusmundi.es



CANTABRIA

Colexio Oficial de Médicos
C/ Ataulfo Argenta, 33 baixo
39004, Santander - Cantabria
Tel.: 677 33 76 75

✉ cantabria@medicusmundi.es



www.medicusmundi.es



ASTURIAS

Colexio Oficial de Médicos
Praza América, 10, 1º
33005, Oviedo - Asturias
Tel.: 985 23 22 27

✉ norte@medicusmundi.es